

BASES DA TERCERA EDICIÓN DE IMPULSA

QUE É IMPULSA?

O programa IMPULSA naceu co fin de constituírse nunha ferramenta que permita o desenvolvemento de proxectos innovadores con proxección social. Para iso, se financia grazas ao excedente dos cargos públicos electos de Podemos, quen —xente corrente que considera que facer política é un servizo para a sociedade— teñen un límite salarial de tres salarios mínimos interprofesionais.

A terceira edición de IMPULSA, ademais de estar aberta á presentación de iniciativas con proxección social promovidas por entidades sen ánimo de lucro, incorpora unha categoría nova: o programa Hacemos. Dentro desta categoría se poderán presentar os proxectos que os Círculos e os Consellos Cidadáns Municipais (CCM) de Podemos desenvolvan nos seus barrios e municipios, co obxectivo de acercarnos ás necesidades da cidadanía, responder a elas, tecer redes con diferentes colectivos e coa cidadanía organizada.

APORTACIÓN ECONÓMICA GLOBAL

Para esta terceira edición se conta cun orzamento de 500.000 euros, que se distribúen da seguinte maneira:

- Programa Hacemos: 200.000 euros.
- IMPULSA tu país: 120.000 euros.
- Podemos IMPULSA: 150.000 euros.

O reparto das donacións por comunidades autónomas para o programa Hacemos e as bases da categoría Podemos IMPULSA pódense consultar no anexo final a este documento.

No caso de que non se repartiese a totalidade do orzamento, o excedente se gardará para futuras edicións de IMPULSA.

Por outro lado, os 30.000 euros restantes (6% do orzamento) están destinados a sufragar os gastos de xestión do programa IMPULSA.

PROGRAMA HACEMOS TU BARRIO / TU MUNICIPIO

I) Obxectivos

O programa Hacemos pretende impulsar proxectos desenvolvidos polos Círculos e promovidos polos Consellos Cidadáns Municipais de Podemos que teñan como fin transformar o entorno máis cercano (barrio, distrito ou municipio) e fomentar a cultura política.

Asimesmo, búscase fomentar a mobilización e a creación de ambientes construtivos, nun contexto local, onde se reúnan as veciñas e os veciños para detectar os problemas dos seus territorios e aportar solucións de forma colectiva.

II) Liñas prioritarias

Os proxectos que se presenten deberán responder aos obxectivos da convocatoria. E, ademais, terán que axustarse a un máximo de tres temáticas de entre as seguintes:

- Arte e cultura
- Educación
- Igualdade de xénero
- Asesoría xurídica
- Inclusión social
- Saúde e deporte
- Medio ambiente
- Economía social
- I+D+i e novas tecnoloxías.

III) Aportación económica

Como se sinalou, destinaranse 200.000 euros para o programa Hacemos, os cales se dividirán en 66 axudas económicas de ata 3.000 euros cada unha¹. O reparto do diñeiro por comunidade autónoma realizarase en función dos seguintes criterios (véxase o anexo):

- Número de habitantes na comunidade autónoma (segundo o último censo de 2015).
- Número de votos a Unidos Podemos en cada comunidade autónoma nas eleccións do 26 de xuño de 2016. No caso das comunidades onde Podemos se presentou en confluencia con outras formacións políticas, se contabilizarán o número de votos totais.

Por último, no caso de que non existan cando menos tantos proxectos por comunidade autónoma como número de axudas económicas estipuladas cunha nota superior ao 60% na avaliación, se gardará o excedente de devandita comunidade autónoma para futuras edicións de IMPULSA.

1. Os 2.000 euros que restan do total de 200.000 (entre axudas económicas de ata 3.000 euros) gardaranse -xunto ao resto do posible excedente- para futuras edicións de Impulsa.

IV) Requisitos

Poderán participar nesta categoría:

1. As entidades sen ánimo de lucro que presenten un proxecto que conte co aval do Consello Cidadán Municipal ou dalgún dos Círculos activos do domicilio social da entidade ou, no caso de que non exista CCM nin Círculo no municipio do seu domicilio, aceptárase un aval do CCM ou dos Círculos de municipios veciños. Este aval farase efectivo mediante o «Certificado de IMPULSA», onde quedará reflexado o apoio explícito ao proxecto, así como o compromiso individual, se o houber, dos membros do CCM ou do Círculo que colaborarán no desenvolvemento do proxecto.
2. Agrupacións ou plataformas que presenten un proxecto que conte co aval do Consello Cidadán Municipal ou dalgún dos Círculos activos do seu domicilio social. Este aval farase efectivo mediante o «Certificado de IMPULSA», onde quedará reflexado o apoio explícito ao proxecto, así como o compromiso individual, se o houber, dos membros do CCM ou do Círculo activo que colaborarán no desenvolvemento do proxecto.
3. Membros dos Círculos activos que presenten un proxecto, a título individual ou colectivo, pero non como Círculo en sí. No caso de que o proxecto resulte seleccionado, as persoas beneficiarias terán que constituírse en asociación independente do Círculo e de Podemos.
4. Membros dos Consellos Cidadáns Municipais que presenten un proxecto, a título individual ou colectivo, pero non como CCM, e sempre e cando o proxecto conte co aval do Consello Cidadán Municipal ao que pertencen. No caso de que o proxecto resulte seleccionado, as persoas beneficiarias terán que constituírse en asociación independente do CCM e de Podemos. É dicir, os membros do CCM non poderán ocupar cargos nos órganos de coordinación nin na xunta directiva da asociación.
5. As Moradas que estean constituídas como asociación e que colaboren activamente cun Círculo da zona onde se vai desenvolver o proxecto.

Nos casos anteriores, e por razóns legais, se as persoas beneficiarias non están constituídas como persoa xurídica, deberán constituírse en asociación, rexistrando para iso a solicitude na Administración correspondente no prazo de dez días naturais desde a data de publicación dos resultados definitivos da convocatoria.

Esta asociación deberá estar totalmente desvinculada do partido e das futuras asociacións do partido que se constituán.

A concesión da aportación económica está condicionada á constitución efectiva da asociación, á súa inscrición no rexistro correspondente e á aportación de toda a documentación requirida por Podemos para xustificar a constitución e o cumprimento de todos os requisitos legais para a súa validez e funcionamento.

Os suxectos beneficiarios deberán mostrar en todas as súas comunicacións, documentos, publicidade e páxinas web relativas ao desenvolvemento do proxecto, e nun lugar destacado xunto ao nome do proxecto, as seguintes mencións: «Hacemos + barrio/municipio», ou logotipo de «Podemos IMPULSA» e «proxecto financiado por Podemos».

Non se poderán presentar as entidades ou colectivos que resultaron adxudicatarios das axudas económicas da segunda edición de IMPULSA (en calquera das categorías), nin tampouco os que resultaron adxudicatarios na categoría estatal da primeira edición.

V) Requisitos formais para a presentación da solicitude

1. A presentación da solicitude farae **exclusivamente vía online**. Os e as solicitantes deberán cumprimentar o formulario que se habilitará na plataforma <http://participa.podemos.info/impulsa> a partir do 24 de outubro e adxuntar a seguinte documentación:

1.1. Para as entidades sen ánimo de lucro que presenten un proxecto que conte co aval do Consello Cidadán Municipal ou dun Círculo activo:

- A Tarxeta de Identificación Fiscal (NIF).
- DNI ou NIE dos e das representantes legais da asociación (presidente ou presidenta, vicepresidenta ou vicepresidente e tesoureiro ou tesoureira).
- A inscrición da asociación no rexistro correspondente.
- Unha copia dos estatutos debidamente rexistrados da entidade (selados polo rexistro).
- «Certificado IMPULSA» polo cal se acredita o aval do CCM ou do Círculo activo e a colaboración no desenvolvemento do proxecto de membros do Círculo activo da zona onde se vai intervir.
- Declaración xurada do presidente ou da presidenta da asociación pola que declara estar ao corrente das obrigas fiscais e laborais. Unha vez publicados os resultados da convocatoria, se solicitarán aos beneficiarios os certificados que demostran que están ao corrente das obrigas fiscais na Axencia Tributaria e das obrigas laborais na Seguridade Social. Se o beneficiario tivera débedas, anularase a concesión da axuda económica e concederase a axuda ao seguinte proxecto segundo a puntuación da avaliación na comunidade autónoma correspondente.
- Se a entidade ten unha antigüidade de máis dun ano, presentarase a memoria de actividades do ano anterior.

1.2. Para as agrupacións ou plataformas que presenten un proxecto que conte co aval do Consello Cidadán Municipal ou dun Círculo activo:

- «Certificado IMPULSA», polo cal se acredita o aval do CCM ou dun Círculo activo.
- Declaración xurada das tres persoas que figurarán como presidenta ou presidente, secretario ou secretaria e tesoureira ou tesoureiro, onde se comprometerán a constituír a asociación.
- DNI ou NIE dos e das responsables do proxecto; é dicir, as persoas que figurarán como presidente ou presidenta, vicepresidenta ou vicepresidente e tesoureiro ou tesoureira da asociación (representantes legais) que se constituirá posteriormente.

1.3. Para os membros dos Círculos activos:

- Documento emitido polo Secretario de Organización Autonómico ou a Secretaria de Organización Autonómica ou, no seu defecto, pola Secretaría de Organización Estatal que certifique que é un Círculo activo.
- Declaración xurada das tres persoas que figurarán como presidenta ou presidente, secretario ou secretaria e tesoureira ou tesoureiro, onde se comprometerán a constituír a asociación.
- DNI ou NIE dos e das responsables do proxecto Hacemos; é dicir, as persoas que figurarán como presidente ou presidenta, secretaria ou secretario e tesoureiro ou tesoureira da asociación (representantes legais) que se constituirá posteriormente.

- «Certificado IMPULSA» polo cal se acredita o aval do Círculo activo ao que pertencen.

1.4. Para os membros dos Consellos Cidadáns Municipais:

- «Certificado IMPULSA» emitido polo CCM ao que pertencen, no cal se acredita o aval do CCM.
- Declaración xurada das tres persoas que figurarán como presidenta ou presidente, secretario ou secretaria e tesoureira ou tesoureiro, onde se comprometen a constituír a asociación. Estas tres persoas non poderán ser Conselleiros Cidadáns Municipais.
- DNI ou NIE dos e das responsables do proxecto Hacemos; é dicir, as persoas que figurarán como presidente ou presidenta, secretaria ou secretario e tesoureiro ou tesoureira da asociación (representantes legais) que se constituirá posteriormente.

1.5. Para as Moradas que estean constituídas como asociación:

- A Tarxeta de Identificación Fiscal (NIF).
- DNI ou NIE dos e das representantes legais da asociación (presidente ou presidenta, vicepresidenta ou vicepresidente e tesoureiro ou tesoureira).
- A inscrición da asociación no rexistro correspondente.
- Unha copia dos estatutos debidamente rexistrados da asociación (selados polo rexistro).
- Se nos estatutos non figura a vinculación co Círculo da zona onde se vai intervir, deberase achegar un documento de acordo de colaboración asinado polo ou pola representante legal da asociación e o enlace de Organización do Círculo (ou a persoa designada a estes efectos).
- Acta do círculo na que se avale a colaboración con A Morada e o proxecto presentado.
- Declaración xurada do presidente ou da presidenta da asociación na que declara estar ao día nas obrigas fiscais e laborais. Unha vez publicados os resultados da convocatoria, solicitaranse dos beneficiarios os certificados que acreditan que están ao día nas obrigas fiscais na Axencia Tributaria e nas obrigas laborais na Seguridade Social. Se o beneficiario tivese débedas, anularase a concesión da axuda económica e concederase a axuda ao seguinte proxecto segundo a puntuación da avaliación na comunidade autónoma correspondente.
- Se a asociación ten unha antigüidade de máis dun ano, presentarase a memoria de actividades do ano anterior.

2. Ademais da documentación legal, deberase cumprimentar un formulario e uns modelos de plantillas preestablecidas coa documentación que se detalla a seguir:

- Formulario do proxecto
- Anexo 1: Mapeo do territorio
- Anexo 2: Matriz do proxecto
- Anexo 3: Cronograma
- Anexo 4: Actividades e recursos
- Anexo 5: Orzamento de gastos e ingresos.

3. Os proxectos poderán presentarse en calquera das linguas dos diferentes territorios do Estado para a súa futura publicación dixital e, asimismo, deberá enviarse unha copia en lingua castelá

da información cumprimentada no formulario para o proceso de avaliación por parte do Comité Avaliador de IMPULSA.

VI) Prazo de presentación

O prazo de presentación dos proxectos e da documentación encetará ás 10.00 horas (hora peninsular) do 24 de outubro de 2016 e rematará ás 23.59 horas (hora peninsular) do 6 de novembro de 2016.

VII) Criterios para a valoración dos proxectos

Serán motivo de invalidación automática as seguintes situacións: se o proxecto presentado ou a entidade solicitante non reúnen todos os requisitos e condicións establecidos nas presentes bases; se non respectan os dereitos humanos; ou se vulneran o Código Ético de Podemos.

O 14 de novembro de 2016 anunciaranse todos os proxectos que cumpran todos os requisitos e que, portanto, pasan á fase de avaliación.

Durante a **fase de avaliación**, o Comité Avaliador de IMPULSA valorará cada proxecto de acordo coas bases desta edición e en función dos seguintes criterios (que se dividen en dous grandes bloques):

- a) Criterios relacionados co Círculo, co Consello Cidadán Municipal ou coa entidade solicitante (máximo: 30 puntos).
- b) Criterios relacionados co proxecto presentado (máximo: 70 puntos).

No **anexo («Criterios de avaliación do programa Hacemos»)** pódense consultar os criterios específicos de cada bloque.

Un dos requisitos para a valoración, referido á viabilidade técnica, é ter realizado o mapeo do territorio co fin de identificar as necesidades e os problemas da zona aos que vai responder o proxecto. Por iso, **é esencial que se realice a fase preliminar de mapeo do territorio**. Se non se realizou ata agora, recoméndase traballar esta metodoloxía a partir do día da presentación destas bases e ata o momento da inscrición do proxecto. .

VIII) Gastos financiáveis

Os gastos financiáveis por IMPULSA serán aqueles que estean relacionados exclusivamente coas actividades que se desenvolverán para levar a cabo o proxecto.

Para todos os proxectos:

- Non se poderán presentar propostas destinadas **exclusivamente** á contratación de persoal ou de profesionais autónomos.
- Non se poderán presentar propostas destinadas **exclusivamente** á financiación do aluguer ou compra dun local.
- Non poderán incluírse os gastos de mantemento da sé da asociación ou da Morada (auga, teléfono, electricidade, etcétera).
- Non estará permitida a subcontratación de servizos.

IX) Período de execución

Será obligatorio invertir a aportación económica no proxecto que se presente nunha duración máxima de nove meses², e o seu momento de inicio será, como máximo, un mes despois de ter recibido o primeiro ingreso económico.

Non poderán imputarse gastos anteriores á data de publicación dos resultados da convocatoria nen posteriores á data de finalización do convenio.

X) Sistema de avaliación dos proxectos e prazos

O Comité Avaliador de IMPULSA, composto por profesionais da Área de Participación, da Área de Finanzas, da Secretaría de Organización, da Secretaría de Movementos Sociais e por membros do Consello Cidadán Estatal de Podemos, será o encargado de realizar a avaliación dos proxectos que cumpran todos os requisitos, seguindo os criterios de valoración citados no punto IV e definidos no anexo.

A partir desta avaliación elaborárase un listado provisional cos proxectos e as súas respectivas puntuacións, que se fará público na web de IMPULSA o 12 de decembro de 2016.

Do 13 ao 15 de decembro abrírase un prazo para que os e as solicitantes que queiran contrastar os resultados da avaliación se poñan en contacto co Equipo Técnico de IMPULSA a través do mail programahacemos@podemos.info.

Por último, a partir do 19 de decembro publicarase o listado definitivo cos resultados dos proxectos seleccionados por comunidade autónoma na web de IMPULSA.

A resolución da convocatoria será inapelable.

XI) Formalización da axuda concedida

1. Concederáse unha axuda económica de ata 3.000 euros por asociación e por proxecto.
2. Unha vez comunicada a resolución das axudas, o partido político Podemos e as asociacións que presentaran os proxectos seleccionados subscribirán un convenio de colaboración suxeito ás condicións das presentes bases e á lexislación vixente.
3. Neste documento especificáranse os dereitos e as obrigas das dúas partes, e constará dos seguintes apartados:
 - 3.1. Prazo de comezo e de finalización do proxecto.
 - 3.2. Importe da axuda concedida.
 - 3.3. Período de imputación das facturas.
 - 3.4. Forma de pago.
 - 3.5. Seguimento do proxecto.

2. En casos excepcionais, e de acordo co protocolo de prórroga do período de execución, poderase ampliar o período de duración dun proxecto.

4. Os proxectos gañadores recibirán o 50% do total da dotación económica dentro dun prazo máximo de seis meses, que comezará a contabilizarse desde o día da publicación dos resultados da votación e unha vez que se teña asinado o convenio de colaboración. O resto do pago realizarase en dous prazos: en primeiro lugar, desembursarase o 40% do total unha vez recibido e avaliado polo Equipo Técnico de IMPULSA o informe de situación intermedia do proxecto, así como a xustificación de gastos asociada ao primeiro ingreso; e, en segundo lugar, o 10% restante entregarase cando fosen presentadas e aprobadas a memoria final do proxecto realizado e a xustificación dos gastos.
5. Para os casos nos que se crease unha nova asociación, o primeiro ingreso económico realizarase unha vez que a devandits asociación teña obtido o NIF definitivo e que a documentación legal e o convenio de colaboración asinado polo ou pola representante legal da asociación sexan remitidos ao Equipo Técnico de IMPULSA. O período de obtención do NIF definitivo é aproximadamente de tres meses desde que se constitúe a asociación.
6. No caso de non aportar a documentación requerida polo Equipo Técnico de IMPULSA e especificada nas presentes bases, ou no caso de que a memoria non acredite o cumprimento do proxecto presentado, a asociación solicitante e as persoas responsables do proxecto deberán devolver íntegramente a dotación económica recibida.
7. Os e as solicitantes coñecerán e aceptarán que o Equipo Técnico de IMPULSA realice un seguimento dos proxectos aprobados e comprometeranse a facilitar a información que lles sexa requerida sobre o desenvolvemento do proxecto.
8. Os Consellos Cidadáns Autonómicos e os e as responsables autonómicas de Participación facilitarán a actuación dos diferentes actores implicados; e, nos casos especificamente requeridos pola Área de Participación de Podemos, formarase un equipo de avaliación periódica co obxectivo de informar de maneira transparente sobre a evolución que experimentan os devanditos casos.

IMPULSA TU PAÍS

I) Obxectivo

Coa categoría de IMPULSA tu país preténdese promover catro proxectos estatais que teñan como fin contribuíren ao desenvolvemento social e avanzar cara a unha sociedade máis xusta, igualitaria e democrática. O ámbito de actuación destes proxectos poderá ser local, aínda que — pola mesma natureza do proxecto— é recomendable que este teña unha repercusión no conxunto do Estado (a medio ou longo prazo). Nesta categoría, os proxectos competirán a nivel estatal.

II) Liñas prioritarias

Os proxectos que se presenten deberán axustarse ao obxectivo da convocatoria e, ademais, a unha destas dúas temáticas:

1. Arte e cultura

Unha sociedade sen cultura é unha sociedade sen alma. Neste senso, o agravio do Goberno non só afecta a unha industria que viu diminuído o seu público nun 30%, senón que tamén afecta ao desenvolvemento de experiencias sociais e asociativas que permiten satisfacer necesidades de integración, de educación e de desenvolvemento dunha vida digna. Crear novos espazos de arte e cultura é unha aposta polo progreso e a felicidade; por iso é unha prioridade.

2. I+D+i e novas tecnoloxías

A investigación científica contribúe ao desenvolvemento económico dun país, pero tamén determina a expectativa e a calidade de vida dos seus cidadáns. As ideas e a investigación requiren o apoio dunha colectividade que sen dúbida se verá beneficiada en métodos de educación, en técnicas sanitarias ou en desenvolvemento empresarial. A vontade de axudar a quen crean, investigan e innovan (e o grado da dita vontade) determinará que país queremos ser.

Asimismo, desde Podemos preténdese que, de xeito transversal, os proxectos presentados nesta categoría:

1. Fomenten a participación cidadá.
2. Promovan a educación en valores.
3. Melloren as condicións de vida das persoas destinatarias directas.
4. Fomenten a igualdade entre mulleres e homes.
5. Incentiven un modelo económico local máis sostible.

Deberán definirse os perfís das persoas destinatarias directas (idade, sexo, situación socioeconómica, necesidades...) ás que irán dirixidas as actuacións dos proxectos; uns perfís que dependerán dos obxectivos de cada proxecto, polo que a priori serán moi variados.

III) Aportación económica para esta categoría

Impulsaranse catro proxectos a nivel estatal que recibirán unha dotación económica de ata cadanseus 30.000 euros.

IV) Requisitos para participar nesta categoría

Poderán participar nesta categoría as entidades solicitantes que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar constituídas legalmente como entidades sen ánimo de lucro que persigan fins de interés social (asociacións, fundacións, cooperativas de iniciativa social).
2. Estar inscritas no rexistro correspondente.
3. Estar domiciliadas no territorio español e presentar un proxecto que se desenvolva nel.
4. Estar ao día nas obrigas fiscais e laborais.
5. Acreditar capacidade técnica e humana para desenvolver o proxecto: a entidade e as persoas impulsoras do proxecto deben contar coa estrutura e a capacidade abondas para xestionar o proxecto seleccionado de maneira que se garantice a súa viabilidade.
6. Contar cando menos cun ano de antigüidade.
7. Ser organizacións independentes de partidos políticos.
8. Dispoñer de páxina web, blogue ou similar con información actualizada.
9. No se poderán presentar a esta categoría de la tercera edición del programa IMPULNon se poderán presentar a esta categoría da terceira edición do programa IMPULSA as entidades que resultaron gañadoras nas edicións anteriores, agás as entidades gañadoras da categoría Podemos IMPULSA da segunda edición.

V) Requisitos formais para a presentación da solicitude

A presentación da solicitude farase exclusivamente online. Os e as solicitantes deberán cumprimentar o formulario que se acha en <http://participa.podemos.info/impulsa> e adxuntar nesta plataforma, de forma obrigatoria, a seguinte documentación:

1. Video ou imaxe de presentación do proxecto e unha descrición resumida que non supere os 600 caracteres (incluídos espazos), que se exporán xunto co resto da documentación no proceso de selección.
2. Logo da entidade.
3. A Tarxeta de Identificación Fiscal da entidade solicitante.
4. A inscrición da entidade solicitante no rexistro correspondente.
5. Unha copia dos estatutos da entidade solicitante debidamente rexistrados (selados polo rexistro).
6. DNI ou NIE do representante ou da representante legal da entidade.
7. Un certificado da Axencia Tributaria onde se demostre que se está ao corrente das obrigas fiscais, vixente no momento da presentación do proxecto (seis ou doce meses desde que se emite).
8. Un certificado da Seguridade Social no que se acredite que se está ao día das obrigas laborais, vixente no momento da presentación do proxecto (seis ou doce meses desde que se emite). No caso de que a entidade non estea inscrita no sistema da Seguridade Social, aportarase un «informe de inexistencia de inscrición como empresario no sistema da Seguridade Social».
9. A memoria de actividades do último exercicio da entidade.
10. A memoria económica do último exercicio da entidade.

VI) Prazo de presentación

O prazo de presentación dos proxectos e da documentación iniciarase ás 10.00 horas (hora peninsular) do 24 de outubro de 2016 e rematará ás 23.59 horas (hora peninsular) do 6 de novembro de 2016.

VII) Criterios para a valoración dos proxectos

Serán motivo de invalidación automática as seguintes actuacións: se o proxecto presentado ou a entidade solicitante non reúne todos os requisitos e condicións establecidos nas presentes bases; se non se respectan os dereitos humanos; ou se se vulnera o Código Ético de Podemos.

O 14 de novembro de 2016 anunciaranse todos os proxectos que cumpran todos os requisitos e que, portanto, pasen á fase de avaliación.

Durante a **fase de avaliación**, cando menos dous membros do Equipo Técnico de IMPULSA valorarán cada proxecto de acordo coas bases desta edición e en función dos seguintes criterios (que se dividen en dous grandes bloco):

- a) Criterios relacionados coa entidade solicitante (máximo: 40 puntos).
- b) Criterios relacionados co proxecto presentado (máximo: 60 puntos).

No anexo («**Criterios de avaliación dos proxectos IMPULSA tu país**») pódense consultar os criterios específicos de cada bloco.

VIII) Gastos financeiros

Os gastos financeiros por IMPULSA serán aqueles que estean relacionados exclusivamente coas actividades que se desenvolverán para levar a cabo o proxecto.

Non serán gastos financeiros por IMPULSA:

1. As propostas que representen unicamente unha axuda económica a unha entidade tanto para os seus gastos correntes de mantemento e funcionamento (aluguer da sé habitual da entidade solicitante, augua, teléfono, electricidade, etcétera) como para os seus gastos extraordinarios (realización de obras, compra de equipamento para a sé habitual, etcétera).
2. As propostas destinadas exclusivamente á contratación de persoal ou profesionais autónomos.
3. Gastos que xustifiquen dietas, estancias e viaxes do equipo responsable do proxecto que non garden relación co seu desenvolvemento.
4. Pago de débedas ou amortización de calquera operación financeira.
5. Non está permitida a subcontratación de servizos.

En relación co orzamento de gastos, deberanse destinar obrigatoriamente partidas a ambos recursos: materiais e humanos. Ademais, os gastos de persoal (asalariado ou contratado para servizos independentes) non poderán superar o 60% do total da axuda solicitada.

IX) Periodo de ejecución

A aportación económica recibida deberá investirse durante o desenvolvemento do proxecto, que terá unha duración estimada de doce meses.³ O proxecto deberá encetarse (como máximo) un mes despois de ter recibido o primeiro ingreso económico.

No poderán imputarse gastos anteriores á data de publicación dos resultados da convocatoria nen posteriores á data de finalización do convenio. .

X) Sistema de elección dos proxectos gañadores

Primeira fase. Avaliación (do 15 de novembro ao 11 de decembro de 2016)

O Equipo Técnico de IMPULSA valorará os proxectos presentados que cumpran todos os requisitos e, en función dos criterios establecidos nas presentes bases, establecerá un *ranking* coa puntuación de cada proxecto.

Pasarán á fase de votación os proxectos que alcancen **un mínimo de 60/100 puntos**, e que obteñan cando menos 20 puntos no bloco «Criterios relacionados coa entidade solicitante» e 30 puntos no bloco «Criterios relacionados co proxecto presentado».

Os resultados da valoración e do *ranking* faranse públicos o día 28 de novembro de 2016 na páxina web: <https://impulsa.podemos.info/>.

Segunda fase. Votacións (do 15 al 18 de decembro de 2016)

Abrirase un proceso de votacións para que as persoas inscritas en Podemos poidan elixir dous proxectos gañadores en cada unha das dúas categorías.

Terceira fase. Resultados (a partir do 19 de decembro de 2016)

Os resultados das votacións poderanse consultar na páxina web <http://impulsa.podemos.info/> a partir do día 19 de decembro de 2016. Contactarase coas entidades solicitantes gañadoras por vía telefónica ou por correo electrónico.

Recoméndase revisar arreo o correo electrónico durante todo o proceso da convocatoria.

A resolución da convocatoria será inapelable.

XI) Formalización da axuda concedida

1. Unha vez publicados os resultados, o partido político Podemos e as catro entidades que presentaron os proxectos gañadores subscribirán un convenio de colaboración suxeito ás condicións das presentes bases e á lexislación vixente.

2. Neste convenio especificaranse os dereitos e as obrigas das dúas partes, e constará dos seguintes apartados:

- 2.1. Prazo de comezo e de finalización do proxecto.
- 2.2. Importe da axuda concedida.
- 2.3. Periodo de imputación das facturas.
- 2.4. Forma de pago.
- 2.5. Seguimento do proxecto.

3. En casos excepcionais, e de acordo co protocolo de prórroga do período de execución, poderase ampliar o período de duración dun proxecto.

3. Os catro proxectos gañadores da categoría «IMPULSA o teu país» recibirán o 50% do total da dotación económica dentro dun prazo máximo de seis meses, que comezará a contabilizar desde o día da publicación dos resultados da votación e unha vez asinado o convenio de colaboración polo representante legal da entidade e remitido ao Equipo Técnico de IMPULSA. O resto do pago realizarase en dous prazos: en primeiro lugar, desembursarase o 40% do total durante o sexto mes de execución do proxecto, unha vez recibido e avaliado polo Equipo Técnico de IMPULSA o informe de situación intermedia do proxecto e a xustificación dos gastos asociados ao primeiro ingreso; e, en segundo lugar, o 10% restante entregarase unha vez que fosen presentadas e aprobadas a memoria final do proxecto realizado e máis a xustificación dos gastos.
4. No caso de non aportar a documentación requirida polo Equipo Técnico de IMPULSA e que se especifica nas presentes bases, ou no caso de que a memoria non acredite o cumprimento do proxecto presentado, a entidade solicitante e as persoas responsables do proxecto deberán devolver íntegramente a dotación económica recibida.
5. As entidades solicitantes coñecerán e aceptarán que o Equipo Técnico de IMPULSA realizará un seguimento dos proxectos aprobados e comprometeranse a facilitarlle a información que lles sexa requirida sobre o seu desenvolvemento.
6. Os Consellos Cidadáns Autonómicos e os e as responsables autonómicos de Participación facilitarán a actuación dos diferentes actores implicados, e, nos casos especificamente requiridos pola Área de Participación de Podemos, formarase un equipo de avaliación periódica co obxectivo de informar de maneira transparente sobre a evolución que experimenten os devanditos casos.

PODEMOS IMPULSA

I) Obxectivo

Os Consellos Cidadáns Autonómicos, xunto cos seus Grupos Parlamentarios Autonómicos, os Grupos Junteros (País Vasco), o Consello Cidadán Estatal, o Grupo Parlamentario do Congreso dos Deputados, o Grupo do Senado e o Grupo Parlamentario Europeo outorgarán as axudas económicas desta categoría —como forma de recoñecemento ao seu traballo e en función das súas preferencias político-estratéxicas— a distintas entidades sen ánimo de lucro (asociacións, fundacións, cooperativas de iniciativa social, plataformas ou movementos cidadáns) que actúen en favor de causas sociais e que estean constituídos en asociación.

II) Aportación económica

Para esta categoría destinarase un importe global de 150.000 euros.

No caso dos Consellos Cidadáns Autonómicos e dos Grupos Parlamentarios Autonómicos, a elección realizarase por comunidade autónoma, cun importe total de 130.000 euros. O reparto do diñeiro por comunidade autónoma realizarase en función dos seguintes criterios (véxase o anexo):

- Número de habitantes na comunidade autónoma (segundo o último censo de 2015).
- Número de votos a Unidos Podemos en cada comunidade autónoma nas eleccións do 26 de xuño do 2016. No caso das comunidades autónomas onde Podemos se presentou en confluencia con outras formacións políticas, contabilizarase o número de votos totais.

Recoméndase que os Grupos Parlamentarios e os Consellos Cidadáns Autonómicos se coordinen nunha comisión co fin de asignar a cantidade económica a aquelas iniciativas ou proxectos que consideren oportunos. O importe mínimo de cada premio outorgado non poderá ser inferior a 500 euros.

Unha comisión composta por membros do Consello Cidadán Estatal, do Grupo Parlamentario do Congreso dos Deputados e do Grupo do Senado repartirá un importe total de 15.000 euros, mentres que o Grupo Parlamentario Europeo repartirá un importe total de 5.000 euros. O importe mínimo de cada premio outorgado non poderá ser inferior a 500 euros.

III) Prazo de presentación das entidades premiadas

O prazo de presentación dos proxectos e da documentación encetarás ás 10.00 horas (hora peninsular) do 24 de outubro de 2016 e rematarás ás 23.59 horas (hora peninsular) do 30 de xuño do 2017.

IV) Formalización do premio concedido

Unha vez comunicada a resolución do premio, e no prazo de trinta días hábiles desde a notificación, a entidade premiada deberá enviar un correo electrónico a proyectoimpulsa3@podemos.info no que se indicarán os seguintes datos:

1. Nome e apelidos do representante ou da representante legal da entidade premiada.
2. DNI ou NIE do representante ou da representante legal da entidade premiada.
3. A resolución de inscrición no rexistro correspondente.
4. A Tarxeta de Identificación Fiscal.

5. Número do código da conta de cliente (CCC) da entidade sen ánimo de lucro e certificado da entidade bancaria que acredite a súa titularidade.
6. Compromiso asinado de asumir todas as obrigas legais e fiscais derivadas do premio concedido.
7. Calquera outro documento que considere oportuno o Equipo Técnico de IMPULSA.

Unha vez recibidos estes datos e a documentación mencionada, procederase a ingresar a contía do premio na conta bancaria facilitada.

Ademais, a entidade premiada deberá emitir un certificado da doazón que recibirá por parte do partido político Podemos, cando o Equipo Técnico de IMPULSA llelo requira.

V) Requisitos éticos e legais

1. A Comisión de Garantías Democráticas de Podemos e o Equipo Técnico de IMPULSA encargaranse de comprobar que a entidade premiada cumpre co Código Ético de Podemos e coas condicións das presentes bases.
2. A entidade premiada non poderá ter ánimo de lucro e terá que estar constituída legalmente.
3. As entidades premiadas na primeira edición na categoría estatal ou na segunda edición non poderán ser premiadas nesta categoría.
4. Unha mesma entidade non poderá recibir dúas axudas económicas dentro desta categoría.
5. As entidades que recibisen unha doazón do programa Hacemos ou da categoría IMPULSA tu país non poderán ser premiadas nesta categoría.
6. Os representantes políticos nas institucións ou membros do Consello Cidadán non poderán propoñer para optar ao premio unha asociación, fundación, colectivo, plataforma ou movemento cidadán do que sexan representantes legais ou formen parte das súas xuntas directivas ou órganos de coordinación.

CONDICIÓN XERAIS DA CONVOCATORIA

1. CALENDARIO

Setembro

- 29 **Presentación das bases de Impulsa**
 - Desde o 30 **Campaña Hacemos**
-

Outubro

- Ata o 23 **Campaña Hacemos**
 - 24 **Inicio da prazo para presentación dos proxectos**
-

Novembro

- 6 **Finalización do prazo para presentación dos proxectos**
 - 9 **Solicitud de proxectos que precisen subsanación**
 - 10 - 11 **Prazo de subsanación de proxectos**
 - 14 **Publicación dos proxectos aceptados que pasar a ser avaliados**
 - Desde o 15 **Período de avaliación dos proxectos**
-

Decembro

- Ata o 11 **Período de avaliación dos proxectos**
 - 12 **Publicación dos proxectos que pasan á fase de votación na categoría Impulsa tu país; e publicación do listado provisional de avaliación de proxectos Hacemos**
 - 13 - 14 **Período de reclamacións dos proxectos Hacemos**
 - 15 - 18 **Votación online dos proxectos Impulsa tu país**
 - A partires de 19 **Publicación dos gañadores definitivos de Hacemos e Impulsa tu país**
-

2. BANCO DE TALENTOS

Ademais da dotación económica, os proxectos gañadores terán á súa disposición o Banco de Talentos de Podemos, a través do que poderán contar con perfís que os axuden a desenvolver os seus proxectos. O Equipo Técnico de IMPULSA encargarse de artellar e supervisar a relación entre gañadores e talentos, e velará sempre por evitar calquera tipo de comportamento que exceda os límites do Código Ético de Podemos. As procuras realizadas efectuaranse sempre de acordo co disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos. A Área de Participación de Podemos será o mediador obrigatorio entre ofertantes e demandantes.

3. DIFUSIÓN

Todos os proxectos desta terceira edición deberán incorporar con carácter xeral, coa excepción das asociacións premiadas na categoría Podemos Impulsa, ademais das mencións que se establezan para cada categoría, a mención de «Financiado por IMPULSA» nos seus locais, materiais de difusión, publicacións, etcétera, xunto co logo de IMPULSA.

Co gallo de visibilizar os proxectos, informar sobre o seu desenvolvemento, compartir e debater as iniciativas, habilitarase un espazo no que as persoas participantes poderán prantexar debates e incluír suxerencias. Este espazo tamén contará cunha área na que as persoas participantes terán a posibilidade de comunicar os seus progresos. A participación neste espazo terase en conta na avaliación dos proxectos por parte do Equipo Técnico de IMPULSA.

Asimesmo, os Círculos, Consellos Cidadáns e os e as responsables de Participación procurarán extender e difundir a convocatoria a todos aqueles actores locais que puidesen estar interesados en participar.

4. DEREITOS E OBRIGAS

4.1. O partido político Podemos, con NIF G86976941 e domicilio social na rúa Zurita 21, 28012 de Madrid, é o titular desta convocatoria. Os fondos que financian a convocatoria proveñen das donacións dos cargos públicos do partido que se ingresan regularmente na conta bancaria do partido.

4.2. Podemos resérvase o dereito a non someter un proxecto a votación pública, ou a suspender a dotación económica (completa ou parcialmente) no caso de que xa estivese aprobada, en calquera destes supostos:

- 4.2.1.** Que non se adapten ao formato de presentación proposto.
- 4.2.2.** Que os e as solicitantes (ou as súas contrapartes) teñan nos seus estatutos ou en calquera outro material público elementos que vulneren o Código Ético de Podemos.
- 4.2.3.** Que o proxecto presentado vaia en contra da liña político-estratéxica de Podemos.
- 4.2.4.** Que os presenten entidades con ánimo de lucro ou transferan a entidades con ánimo de lucro unha porcentaxe dos custos do proxecto que o Equipo Técnico de IMPULSA xulgue como inadecuado de acordo cos fins do proxecto.
- 4.2.5.** Que os e as solicitantes non cumpran os requisitos específicos en función do tipo de proxecto, non acheguen a documentación adicional ou non subsanen os defectos dentro do prazo establecido polo Equipo Técnico de IMPULSA para acreditar a viabilidade técnica, económica ou xurídica do proxecto, segundo se establece no punto 4 destas condicións.
- 4.2.6.** Que non subscriban os documentos, certificados, convenios e compromisos esixidos polo Equipo Técnico de IMPULSA para a formalización das axudas e o comezo dos proxectos.

4.3. Os e as solicitantes comprométese a entregar unha avaliación do proxecto conforme o prazo establecido. Antes de dar comezo ao proxecto, asinarán un compromiso resolutorio segundo o que se comprometen, se non se desenvolveu o proxecto, a devolver a contía total recibida ou a porcentaxe que estipule o Equipo Técnico de IMPULSA.

4.4. Nos proxectos das categorías do programa Hacemos e de IMPULSA tu país asinarase un compromiso resolutorio segundo o que o Equipo Técnico suspenderá as entregas pendentes ou a devolución das xa entregadas se non se tivesen entregado as avaliacións en tempo e forma.

4.5. Unha vez que se teñan elixido os proxectos gañadores, o Equipo Técnico de IMPULSA poderá establecer uns requisitos específicos en función do tipo de proxecto, solicitar documentación adicional ou requirir subsanacións co fin de asegurar a viabilidade do proxecto.

4.6. No caso de invalidación dalgún dos proxectos seleccionados da categoría IMPULSA tu país, estes quedarán eliminados e o importe previsto para estes proxectos destinarase ás próximas edicións de IMPULSA.

4.7. A validación dos proxectos, de acordo cos requisitos mínimos establecidos, correrá a cargo do Equipo Técnico de IMPULSA, que poderá requirir a presenza dun membro da Comisión de Garantías Democráticas de Podemos para velar pola adecuación dos proxectos ás bases e aos requisitos éticos.

4.8. A participación nesta convocatoria suporá a aceptación dos requisitos que se establecen nas condicións xerais das presentes bases e das particulares que se adapten a cadanseu proxecto impulsado. O incumprimento de calquera destes requisitos suporá o revocamento da axuda e a súa conseguinte devolución.

4.9. A Área de Participación de Podemos resérvase o dereito a modificar en calquera momento as presentes bases, así como as axudas económicas (a súa substitución ou a súa posible anulación), para o que se compromete a publicar as modificacións polos mesmos medios que a convocatoria orixinal.

4.10. Os solicitantes aceptarán expresamente eximir de responsabilidade tanto a Podemos por violación dos dereitos de autor ou de marca por parte de calquera dos participantes, así como da responsabilidade civil derivada da execución do proxecto. En función da actividade, nas condicións particulares do contrato poderase esixir un seguro de responsabilidade civil concorde coa devandita actividade.

4.11. No caso de incumprimento grave das obrigas do devandito contrato, violación do Código Ético de Podemos, abuso dos fins e principios dos participantes a través do Banco de Talentos, presunta comisión de ilícitos penais ou litixio civil sobre os medios ou fins do proxecto, ou alteración dos obxectivos ou os medios para levalos a cabo que motivaron a súa selección e impulso, a área de Participación de Podemos poderá requirir cantos informes precise encol do desenvolvemento do proxecto e, no caso de incumprimento grave, poderá, de forma unilateral, interromper o seu desenvolvemento, solicitar a devolución do importe de acordo co establecido como compromiso resolutorio para cos requisitos éticos, sen perxuízo das accións de carácter xurisdiccional que puidesen levarse a cabo por parte de Podemos e para as que se acepta expresamente a súa lexitimación procesal.

4.12. Todas as obrigas laborais, fiscais e financeiras derivadas do desenvolvemento do proxecto e das axudas económicas aboadas correrán sempre a cargo do receptor e do titular do proxecto.

4.13. Podemos resérvase o dereito de anular a convocatoria e suspender a dotación económica en calquera momento se o proxecto resultase inviable desde o punto de vista técnico, económico ou legal, por calquera motivo.

4.14. O texto íntegro destas bases, así como os documentos que se deriven destas, poderán redactarse en todas as linguas oficiais do Estado español. No caso de conflito na redacción, fíxase como prioritaria para a súa interpretación a versión publicada en castelán.

5. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

5.1. De acordo coa Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase aos participantes que os datos persoais que indiquen no formulario de rexistro serán incorporados ao ficheiro «Impulsa» do que é responsable o partido político Podemos, con CIF G86976941, que os utilizará para xestionar o proceso de selección e o desenvolvemento do proxecto.


5.2. Os datos persoais dos participantes non se cederán a terceiras persoas nen a organismos públicos sen o seu consentimento, agás cando a lei estableza a obriga de ceder estes datos ás autoridades.

5.3. O participante acepta e consente expresamente o tratamento dos seus datos persoais e a recepción de mensaxes e comunicacións electrónicas para os fins indicados.

5.4. O participante declara e garante que os datos persoais que indicou no formulario de rexistro do seu proxecto son verdadeiros, exactos, completos e actualizados, que leu este aviso legal sobre protección de datos persoais e que está conforme co seu contido.

5.5. Podemos cumprir con todas as medidas de seguridade para a protección de datos persoais esixidas polo Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

5.6. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, as persoas participantes poderán dirixirse por correo electrónico ao enderezo lopd@podemos.info e adxuntar nun arquivo unha copia do seu DNI ou documento legal de identificación.



ANEXO

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PROGRAMA HACEMOS

1) Criterios relacionados co Círculo, co Consello Cidadán Municipal (CCM) ou coa entidade solicitante (30 puntos)

1. O Círculo, o CCM ou a entidade solicitante demostra ter vínculos de colaboración cos demais colectivos e recursos da zona de intervención (10 puntos).
2. O Círculo, o CCM ou a entidade solicitante desenvolveu anteriormente actividades relacionadas co proxecto que se presenta (10 puntos).
3. O Círculo, o CCM ou a entidade solicitante demostra ter coñecemento suficiente das necesidades da poboación destinataria directa do proxecto (10 puntos).

2) Criterios relacionados co proxecto que se presenta (70 puntos)

Subcriterios:

1. Relevancia (10 puntos)

- a. O proxecto contribuirá ao desenvolvemento de iniciativas que axuden a mellorar as condicións de vida das persoas destinatarias e o seu entorno e, asimesmo, que axuden a potenciar a participación individual e colectiva (6 puntos).
- b. O proxecto non ten un carácter asistencialista, senon que nel prima o valor da participación e da implicación directa dos beneficiarios e beneficiarias no seu desenvolvemento (4 puntos).

2. Viabilidade técnica (25 puntos)

- a. O proxecto está ben redactado e existe unha coherencia na exposición das ideas (5 puntos).

- b. A xustificación do proxecto está baseada nunha identificación obxectiva de necesidades que se realizou a través do mapeo do territorio e as actividades que se desenvolverán poden abarcar adecuadamente o segmento poboacional obxectivo (10 puntos).
- c. Hai unha clara coherencia e correspondencia entre os obxectivos definidos, os resultados e as fases de execución do proxecto (10 puntos).

3. Viabilidade económico-financieira (10 puntos)

- a. O orzamento está o suficientemente detallado para poder valorar que se adecúa ás necesidades de cada actividade, que é coherente cos obxectivos e que está axustado ás actividades previstas (10 puntos).

4. Sostibilidade do proxecto (10 puntos)

- a. O deseño do proxecto permite que os seus resultados sexan sostibles a medio o longo prazo, independentemente da aportación de IMPULSA (10 puntos).

5. Relación co entorno (15 puntos))

- a. O proxecto involucra a unha ampla diversidade de veciñas e de veciños (do municipio, barrio ou distrito) que non forman parte de Podemos (5 puntos).
- b. As actividades previstas polo proxecto non existen no territorio, ou se existen, ten lugar tanta demanda que non está cuberta polas actividades existentes (5 puntos).
- c. O proxecto prevé colaboracións con outras entidades ou con outros colectivos do territorio (5 puntos).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS PROXECTOS IMPULSA TU PAÍS

1) Criterios relacionados coa entidade solicitante (máximo: 40 puntos)

Subcriterios:

1. Capacidade de xestión técnica (20 puntos)

- a. A entidade solicitante ten capacidade para desenvolver o proxecto en función de:
 - i. A súa experiencia (5 puntos).
 - ii. A súa capacidade de xestión (5 puntos).
 - iii. A súa disponibilidad de recursos (5 puntos).
- b. Coherencia da misión da entidade cos obxectivos do proxecto (5 puntos).

2. Relación co entorno (10 puntos)

- a. A entidade solicitante demostra manter colaboracións estables con outros actores da zona de intervención (Administración, outras entidades, outros colectivos, etcétera) (4 puntos).
- b. A entidade solicitante ten vinculación con redes de traballo (2 puntos).
- c. A entidade solicitante é representativa no sector e conta cunha sólida base social (4 puntos).

3. Capacidade de xestión económica (10 puntos)

- a. Resultados económicos que demostren a sostibilidade da entidade nas contas anuais do último ano (5 puntos).
- b. A entidade xestionou proxectos de contía superior ao 80% da axuda solicitada (5 puntos).

2) Criterios relacionados co proxecto que se presenta (máximo: 60 puntos)

1. Relevancia e viabilidade técnica (25 puntos)

- a. O proxecto está ben redactado, existe unha coherencia na exposición das ideas e axústase ás plantillas e modelos indicados (2 puntos).
- b. A xustificación do proxecto está baseada nunha identificación obxectiva de necesidades. Analízase o estado da arte do desenvolvemento proposto. O proxecto ten un carácter innovador en termos de enfoque ou de execución (3 puntos).
- c. Hai unha clara coherencia e correspondencia entre os obxectivos definidos, os resultados e as fases de execución do proxecto. Os obxectivos específicos responden ás necesidades identificadas, están descritos claramente e son realmente alcanzables (8 puntos).
- d. O cronograma distribúe no tempo todas as actividades de forma lóxica e adecuada (2 puntos).
- e. As actividades que hai que desenvolver poden abarcar adecuadamente o segmento poboacional obxectivo (3 puntos).
- f. O deseño do sistema de autoavaliación do proxecto é detallado e coherente, atende aos criterios básicos de eficacia, eficiencia, pertinencia e especialmente ao impacto

ou viabilidade, tendo en conta tamén o uso de métodos participativos. Inclúese un programa específico de presentación e de difusión dos resultados (7 puntos).

- g.** Inclúese un programa específico de presentación e de difusión dos resultados (7 puntos).

2. Viabilidade económico-financieira (10 puntos)

- a.** O orzamento está suficientemente detallado para poder valorar que se adecúa ás necesidades de cada actividade, que é coherente cos obxectivos e que está axustado ás actividades previstas (10 puntos).

3. Sostibilidade do proxecto (10 puntos)

- a.** O deseño do proxecto permite que os seus resultados sexan sostibles a medio ou longo prazo, independentemente da aportación de IMPULSA (5 puntos).
- b.** As actividades previstas polo proxecto non existen no territorio, ou se existen, ten lugar tanta demanda que non está cuberta polas actividades existentes (3 puntos).
- c.** O proxecto prevé colaboracións financeiras ou non financeiras con outras entidades ou con outros colectivos do territorio (2 puntos).

4. Valoración de aspectos transversais (15 puntos)

- a.** A execución do proxecto favorece o fortalecemento do tecido asociativo (2 puntos).
- b.** O proxecto fomenta a participación cidadá no distrito ou no municipio onde se vai desenvolver (3 puntos)
- c.** O proxecto promove a educación en valores (2 puntos).
- d.** O proxecto axuda a mellorar as condicións de vida das persoas destinatarias directas e o seu entorno, ao contribuír á súa participación individual ou colectiva (4 puntos).
- e.** O proxecto inclúe entre as súas actuacións a perspectiva de xénero (2 puntos).
- f.** O proxecto ten en conta a perspectiva de sostibilidade medioambiental (2 puntos).

TÁBOA DE REPARTO POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

Reparto de fondos na categoría Programa Hacemos

	Poboación*	Censo Electoral**	% Voto a Podemos ***	Importe medio/Poboación + ratio % voto podemos	Importe definitivo por CA
Total	46.624.382				
Andalucía, Ceuta y Melilla	8.568.890	6.627.994	18,56%	23.679,15	24.000,00
Aragón	1.317.847	1.016.954	19,68%	8.446,97	9.000,00
Asturias, Principado de	1.051.229	982.827	23,78%	9.046,05	9.000,00
Balears, Illes	1.104.479	772.925	25,38%	9.617,21	9.000,00
Canarias	2.100.306	1.676.285	20,24%	10.285,12	12.000,00
Cantabria	585.179	498.195	17,69%	6.307,21	6.000,00
Castilla y León	2.472.052	2.136.012	15,50%	9.728,73	9.000,00
Castilla - La Mancha	2.059.191	1.568.986	14,64%	8.597,62	9.000,00
Cataluña	7.508.106	5.519.852	24,51%	23.103,25	24.000,00
Comunitat Valenciana	4.980.689	3.615.751	25,37%	17.928,05	18.000,00
Extremadura	1.092.997	907.181	13,04%	6.068,38	6.000,00
Galicia	2.732.347	2.701.697	22,18%	12.194,77	12.000,00
Madrid, Comunidad de	6.436.996	4.925.835	21,23%	19.869,19	18.000,00
Murcia, Región de	1.467.288	1.034.064	14,39%	7.256,71	6.000,00
Navarra, Comunidad Foral de	640.476	502.516	28,33%	9.464,51	9.000,00
País Vasco	2.189.257	1.783.357	29,05%	12.991,96	12.000,00
Rioja, La	317.053	247.669	16,58%	5.415,13	6.000,00
Totales	46.624.382	36.518.100	350,15%	200.000,00	198.000,00

Reparto de fondos na categoría Podemos Impulsa

	Poboación*	Censo Electoral**	% Voto a Podemos ***	Importe medio/Poboación + ratio % voto podemos	Importe definitivo por CA
Total	46.624.382				
Andalucía, Ceuta y Melilla	8.568.890	6.627.994	18,56%	15.391,44	15.500,00
Aragón	1.317.847	1.016.954	19,68%	5.490,53	5.500,00
Asturias, Principado de	1.051.229	982.827	23,78%	5.879,93	6.000,00
Balears, Illes	1.104.479	772.925	25,38%	6.251,19	6.500,00
Canarias	2.100.306	1.676.285	20,24%	6.685,33	6.500,00
Cantabria	585.179	498.195	17,69%	4.099,69	4.000,00
Castilla - La Mancha	2.472.052	2.136.012	15,50%	6.323,68	6.500,00
Castilla y León	2.059.191	1.568.986	14,64%	5.588,45	5.500,00
Cataluña	7.508.106	5.519.852	24,51%	15.017,11	15.000,00
Comunitat Valenciana	4.980.689	3.615.751	25,37%	11.653,23	11.500,00
Extremadura	1.092.997	907.181	13,04%	3.944,45	4.000,00
Galicia	2.732.347	2.701.697	22,18%	7.926,60	8.000,00
Madrid, Comunidad de	6.436.996	4.925.835	21,23%	12.914,97	13.000,00
Murcia, Región de	1.467.288	1.034.064	14,39%	4.716,86	4.500,00
Navarra, Comunidad Foral de	640.476	502.516	28,33%	6.151,93	6.000,00
País Vasco	2.189.257	1.783.357	29,05%	8.444,78	8.500,00
Rioja, La	317.053	247.669	16,58%	3.519,83	3.500,00
Totales	46.624.382	36.518.100	350,15%	130.000,00	130.000,00